



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Orientación ocupacional		Código	652G03021
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descripción xeral	A orientación ocupacional (OO) é un dos ámbitos profesionais da educación social. A OO é unha acción socio-educativa destinada ás persoas con especiais dificultades para acceder ao mercado laboral. A finalidade da OO é a promoción de factores persoais vinculados a empregabilidade.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se modifican</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Sesión maxistral Discusión dirixida Simulación Prácticas TIC Aprendizaxe colaborativo Seminario Discusión dirixida Análise de fontes documentais Presentación oral Las actividades correspondientes a las metodologías que no se virtualizan y que se desarrollan en las aulas interactivas se realizarán en Teams.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico para atender consultas e fixar titorías virtuais. Diariamente. Teams no horario das clases interactivas, no horario de titoría e no horario fixado para as titorías grupais obligatorias. Moodle, a través de foros vinculados ós retos nos que se organiza a tarefa de simulación. Diariamente. As titorías grupais obligatorias e compartidas coa materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables realizaranse en Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se modifica</p> <p>*Observacións de avaliación: A revisión das cualificacións levarase a cabo en Teams.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía A bibliografía básica e unha boa parte da complementaria está accesible na rede e dixitalizada en moodle. Polo tanto, non vai cambiar.</p>
----------------------	--

Código	Competencias / Resultados do título	Competencias / Resultados do título
Resultados da aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título



Caracteriza-lo desenvolvemento institucional da orientación ocupacional e comprender e valorar a súa inclusión nas políticas de emprego, nos plans e accións para a igualdade e para a inclusión social.	A1 A3		
Analiza-lo perfil profesional dos profesionais da orientación ocupacional, identificar as competencias necesarias para o seu desempeño e valorar a importancia e necesidade de formación ó longo da vida.	A1		C7
Identificar o mercado profesional do/a educador/a social no campo da orientación e formación profesional	A1		
Adquirir coñecementos, destrezas e actitudes para a propia inserción profesional			C7
Comprender as implicacións dos cambios producidos no mercado laboral na concepción e praxe da orientación profesional e nos procesos de exclusión laboral.	A5		C4
Adquirir unha actitude reflexiva, crítica e transformadora ante ás problemáticas que atende a orientación ocupacional, analizando e valorando as súas achegas e as súas limitacións na consecución dun emprego e na promoción da xutiza social.	A14		C4
Comprende-la terminoloxía específica e usala axeitadamente		B6	C1
Analiza-las bases teóricas da orientación ocupacional e comprender as implicacións para a súa praxe	A2		
Analizar e deseñar intervencións para a inserción laboral con enfoque de xénero.	A3 A6 A9 A21	B1 B4	
Buscar, seleccionar e almacenar recursos para a praxe da orientación ocupacional utilizando as tecnoloxías dixitais.			C3
Adquirir actitudes e destrezas de indagación que posibiliten o estudo independente e a formación permanente.			C3 C7
Identificar os factores ou barreiras que obstaculizan a inclusión laboral de persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión social e valorar as súas implicacións para a acción socioeducativa en el ámbito laboral.	A8	B1	C4
Identificar e valora-los posibles usos das tecnoloxías dixitais para as persoas que buscan emprego e para os profesionais da orientación laboral, así como comprender a necesidade de ser profesionais competentes dixitalmente e de promover a competencia dixital nas persoas destinatarias da orientación ocupacional.	A2		C3
Utilizar o galego a nivel escrito e oral coa calidade lingüística requirida.			C1
Coñecer referentes profesionais no ámbito da inserción laboral que teñen o galego como lingua de traballo	A20		C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Mercado laboral e formación profesional	<ul style="list-style-type: none">1. Mercado laboral<ul style="list-style-type: none">1.1.- Indicadores e fontes para o estudo do Mercado Laboral e da exclusión social1.2. A situación de desigualdade das mulleres no mercado laboral e mulleres obxecto de discriminación múltiple1.3. Cambios no emprego e na súa relación coa inclusión social1.3. O impacto laboral e de xénero da crise de saúde pública provocada pola covid 192. Formación profesional<ul style="list-style-type: none">2.1. Subsistemas, ordenación e oferta2.2. Acreditación de competencias: finalidade e procedemento
Tema 2. A inserción laboral: factores, estratexias e accións.	<ul style="list-style-type: none">2.1. Factores que interveñen nos procesos de inserción e exclusión laboral.2.2. A empregabilidade como foco da intervención. Elementos e críticas.2.3. O Itinerario personalizado de inserción (IPI) como estratexia de intervención: características, fases e accións2.4. Integración da visión de xénero no IPI: finalidades, modalidades e accións.2.5. A mentoría social na inclusión laboral



TEMA 3. Orientación ocupacional: delimitación conceptual, bases teóricas e recursos para a praxe.	<p>3.1. Orientación Profesional e Orientación Ocupacional (OO): delimitación conceptual, ideas forza, relacións e aclaracións terminolóxicas. Orientación ocupacional e xustiza social.</p> <p>3.2. Modelos de intervención: tipoloxía e características.</p> <p>3.3. OO con visión de xénero: razóns e claves para a praxe</p> <p>3.4. OO e competencia dixital. A competencia dixital dos/as profesionais da OO e das persoas en situación de exclusión laboral.</p> <p>3.5. Áreas de intervención da orientación profesional</p> <p>3.6. Recursos para a praxe da OO</p>
Tema 4. Desenvolvemento institucional e situación actual da orientación profesional.	<p>4.1. Perfil profesional do/a orientador/a laboral</p> <p>4.2. A orientación ocupacional como campo profesional das/os educadoras/es sociais</p> <p>1.1. Principais acontecementos e tendencias no desenvolvemento institucional da OP</p> <p>1.2. A orientación laboral nas políticas de emprego, de igualdade e de inclusión social.</p>

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A2 A3 A5 A8 C4	5	19	24
Presentación oral	B1 B6 C1 C3	6	4	10
Simulación	A3 A5 A6 A8 A9 A14 A21 B1 B4 B6 C1 C3 C7	23	18	41
Prácticas a través de TIC	C3	1	2	3
Seminario	A1 A20	6	1	7
Discusión dirixida	A20 C1 C4	3	2	5
Aprendizaxe colaborativa	A3 A5 A6 A8 A9 A20 A21 B1 B4 C1 C3 C7	25	13	38
Prácticas a través de TIC	A2 A5 A8 B1 C3	1	12	13
Sesión maxistral	A1 A2	7	0	7
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Análise de fontes documentais	A análise de fontes documentais afonda nas dimensións teóricas e legais dalgúns das temáticas do programa e no coñecemento de recursos para o deseño do programa de orientación ocupacional. Nesta metodoloxía diferéncianse dous momentos e dúas modalidades de traballo, que se relacionan coas fases da clase invertida: a) Fóra da aula, traballo individual (lectura e/ou visionado dos documentos e/ou recursos audiovisuais). b) Nas aulas interactivas,traballo grupal de posta en común e de aplicación ao programa de acción socio-educativa (PAS). Se se suspende a docencia presencial esta actividade faríase en Teams.
Presentación oral	Consiste na defensa e presentación da actividade de simulación (PAS). Esta actividade realizarase en Teams.



Simulación	É unha proposta interdisciplinar na que participa a materia de Acción socio-educativa con minorías e colectivos vulnerables. O producto é o deseño dun programa de acción socio-educativa para a inclusión social e laboral (PAS) no que se integran as achegas das dúas materias. O PAS é unha actividade grupal. Cada grupo vai traballar con un colectivo en situación de vulnerabilidade ou exclusión social.
Prácticas a través de TIC	Consiste na construcción en grupo dun marcador social.
Seminario	Forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social"; A súa finalidade e triple: <ul style="list-style-type: none">- Visibilizar referentes profesionais que teñen o galego como lingua de traballo.- Achegar praxes profesionais vinculadas á inserción laboral de diferentes colectivos.- Aportar información profesional (ámbitos, funcións, acceso, perfil competencial, condicións laborais...) Realízase en Teams.
Discusión dirixida	Forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social"; Tátese dun auto-diagnóstico individual e grupal sobre a propia situación sociolíngüística no que se valoran a competencia, os usos e crenzas lingüísticas. A partir deste autodiagnóstico reflexivo e compartido terán que formular os retos relativos ós usos e mellora da competencia ós que se comprometen no cuadri mestre. A partir dos preconceitos e estereotipos detectados realizarase unha discusión dirixida. As conclusóns desta actividade terán que quedar reflectidas por escrito. ó final do cuadrimestre terán que facer un balance sobre os retos acadados. Esta actividade puntúa na cualificación como actividade optativa.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa é, xunto coa ABP e a clase invertida, un dos eixos metodolóxicos da materia que está presente no resto das "metodoloxías" descritas.
Prácticas a través de TIC	Elaboración dun mapa conceptual dixital da materia.
Sesión maxistral	O método expositivo vai ser utilizado para presentar as temáticas relacionadas cos subretos do ABP. As sesións maxistrais van ser síncronas en Teams e asíncronas coa utilización de video-gravacións.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Simulación Prácticas a través de TIC	A atención personalizada ten como finalidades a supervisión e seguemento do deseño do programa de acción socioeducativa. Hai dúas sesións de tutoría grupal obligatorias que se realizan conciuntamente coa profesora da materia de Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables. A atención personalizada tamén está presente nas aulas interactivas, supervisando as tarefas e dando resposta as demandas de axuda do alumnado.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
--------------	---------------------------	-------------	---------------



Simulación	A3 A5 A6 A8 A9 A14 A21 B1 B4 B6 C1 C3 C7	Actividade grupal. Consiste no deseño dun programa de acción socioeducativa (PAS) para un grupo de persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión social, atendendo ós requerimentos dunha convocatoria pública simulada. Os criterios de avaliación son os seguintes: a) Integración na fundamentación teórica e legal das temáticas abordadas na análise documental: xustificación no marco institucional - plans para a igualdade e para a inclusión social xerais ou específicos do colectivo; análise do carácter estrutural da exclusión laboral e da súa relación cos cambios na norma social do emprego; análise dos factores que dificultan a inserción laboral do colectivo para ó que se destina o PAS e relación coa empregabilidade; barreiras de xénero que limitan a empregabilidade; xustificación e caracterización da estratexia metodolóxica; incorporación da visión de xénero (por que, para que e como); e conceptualización da orientación ocupacional. b) Accións para a inserción laboral: cobertura en relación cos factores que están a obstaculizar a integración laboral; integración da perspectiva de xénero nas distintas fases do programa e nos elementos das accións; formulación de obxectivos e organización dos contidos; coerencia entre obxectivos, metodoloxía, actividades e avaliación; sinergia entre as accións destinadas á inserción social e á inserción social; descripción pormenorizada das actividades. c) Aspectos formais: calidade lingüística, utilización da lingua galega, presentación (índice, paxinación, marxes, tamaño da letra...) e utilización das normas APA. d) capacidade de análise, síntese, integración e transmisión da información procedente das dúas materias.	70
Prácticas a través de TIC	A2 A5 A8 B1 C3	A elaboración dun mapa conceptual dixital da materia é unha actividade individual. Os criterios de avaliación son: a) Identificación dos temas e conceptos principais. b) Organización xerárquica. c) Utilización de conectores que faciliten a comprensión. c) Formato visualmente atractivo. d) Manexo da ferramenta dixital.	30

Observacións avaliación



Requisito para superar a materiaPara superar a materia é imprescindible obter a metade da cualificación outorgada en cada unha das dúas tarefas que computan na avaliación (3,5 no PAS e 1,5 no mapa conceptual). A non realización dunha das dúas tarefas implica a cualificación de NP.

Convocatoria de xullo (segunda oportunidade)Na segunda oportunidade recuperanse as tarefas non superadas.

Evaluación de las actividades grupales

As actividades que se realizan en grupo van ser obxecto de autoavaliación e coavalidação. Os resultados desta última van se trasladar a cualificación individual de cada persoa do grupo.

Actividades optativas Coa realización de

actividades optativas pode obterse até dous puntos. Estas actividades son as catro seguintes:

a) Construción dun marcador social en grupo ou individualmente

b) Actividades de auto-orientación (autoconocemento, exploración do mercado profesional, das posibilidades de prácticas, de voluntariado e das opcións de formación de posgrao e complementaria.

c) Informe con noticias e artigos de análise recollidas da prensa e relacionadas coas temáticas abordadas na materia.

d) Auto-diagnóstico reflexivo sobre a súa situación sociolingüística e balance dos retos acadados en relación coa competencia e cos usos.

Modalidad especial de avaliação

As persoas con matrícula a tempo parcial e dispensa académica poden

acollerse a unha modalidade específica de avaliação na que é

imprescindible o seguimento e supervisión das tarefas propostas. Para

estes casos, as actividades que se propoñen son as seguintes:

Deseño dun programa de orientación ocupacional (60). Informe sobre as aprendizaxes e competencias desenvolvidas na materia que ha de incluir un mapa conceptual e un glosario de termos (40). As actividades optativas descritas no punto anterior. LINGUAJE INCLUSIVA A linguaaxe inclusiva é de uso obrigado.

FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA Citación de fontes

Os contidos incluídos (texto literal e parafraseo) nos traballos deben estar

referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as

normas APA 7ª edición.

Plaxio

O plaxio en calquera das actividades da avaliação será motivo de suspenso. Así o establece o artigo 14.4 da normativa académica de avaliação da UDC: "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade"

Normativa académica de avaliação, revisión e reclamación da UDC:

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- Acosta, Estela (2015). Combatir la ideología neoliberal. Políticas de empleo y formación para la justicia social . Madrid: Fundación 1º de mayo. CCOO.</p> <p>- Echeverría, Benito (coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC</p> <p>- Mc Carthy, J. (2016). La orientación profesional y las habilidades para la gestión de la carrera. Una perspectiva internacional. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</p> <p>- Mc Carthy, J. (2016). la dimensión de servicio público de la orientación . España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</p> <p>- Sánchez García, María Fe (2014). Estrategias para la inserción laboral y el autoempleo. Madrid: UNED</p> <p>- Sánchez García , Mª Fe (2014). Orientación inclusiva, diversidad y factores de riesgo. Madrid: UNED</p> <p>- Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2016). El modelo de orientación profesional en cuestión. Revisión de sus referentes teórico-prácticos. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</p> <p>- Secretaría de Igualdad. Xunta de Galicia (2017). VII Plan estratégico galego para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres 2017-2020. http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/vii_planigualdade_20170403_galego_1.pdf</p> <p>- SENDOTU (2010). Cuaderno de trabajo 3. Diseño de proyectos sociales desde una perspectiva de género. http://www.sartu.org/wp-content/uploads/Cuaderno_trabajo_Sendotu_n3.pdf</p> <p>- Sultana, Robert (2016). La movilización de los servicios de orientación profesional en torno a una agenda de justicia social: una prioridad para todos.. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</p> <p>- Llano Ortíz, J.C. (2015). El estado de la pobreza. 5º Informe. Seguimiento del riesgo de la pobreza y la exclusión social en España 2009_2014. . EAFPN España</p> <p>- Xunta de Galicia (2014). Estratexia Galega para a inclusión social (EGIS) 2014-2020. http://politicasocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/EGIS_2014-2020.pdf</p> <p>- González, A e Mallorca, M.J. (2008). Unidad de empleo para mujeres. guía metodológica y de trabajo. Sevilla: Instituto Andaluz de la Mujer</p> <p>- Lamparón, B (2016). Empleabilidad:análisis del concepto. Revista de Investigación en Educación, nº14 (1),pp. 67-84</p> <p>- Gómez Sánchez-Albornoz, E. E Alonso Cuervo, I. (2006). Acompañar procesos de diversificación profesional en el sector de la construcción. Sevilla: Instituto Andaluz de la Mujer pp 17-23,</p> <p>- Manzano Nuria (2011). Orientación laboral con jóvenes en riesgo de exclusión social . Madrid: Editorial Sanz y Torres</p> <p>Para cada una das tarefas do ABP proporcionase bibliografía e webgrafía específica, diferenciando a básica e a complementaria.</p>
Bibliografía complementaria	<p>- AAVV (2016). Renta básica. http://www.sinpermiso.info/sites/default/files/monograficorb5_sinpermiso.pdf</p> <p>- López Méndez Irene (2007). El enfoque de género en la intervención social. Madrid: Cruz Roja</p> <p>- Ceniceros, J. e Otero, E. (2003). Orientacion sociolaboral basada en itinerarios. . Madrid: Fundación Tomillo</p> <p>- Cruz, E e García , C. (2005). ¿Como desarrollar la empleabilidad? Cuadernos para la inserción laboral.. Madrid: Cáritas Española.</p> <p>- Álvarez Iglesias, M. (2011). Guía-protocolos itinerarios integrales de empleo destinados a mujeres monoparentales. . Fundación Mujeres</p> <p>- Formichella, M. M. e London, M (2013). Empleabilidad educación y equidad social . Revista de Estudios Sociales, no 47, pp.79-91</p>

	Recomendaciones
	Materias que se recomienda cursado previamente
	Materias que se recomienda cursar simultaneamente
Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables/652G03022	
Orientación e políticas de empleo/652G03031	Materias que continúan o temario
Orientación e políticas de empleo/652G03031	



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías